

Regulamento

I Milla Día de la Hispanidad


- A proba denomínase I Milla Día de la Hispanidad. E unha proba non homologada.
- Terá lugar o sábado día 12 de outubro, dende as 17 horas ó longo da Avda. do Malecón en Ribeira. O recorrido é totalmente cha e dispónse en circuito de ida e volta de iguais dimensións sobre o que iranse cubrindo as distancias de cada unha das categorías. Haberá categorías tanto masculinas como femininas.
- Tanto en Soldadiños como en Sub 8 entregarase unha medalla a cada participante e non existirá clasificación oficial nesas probas.
- Dende Sub 10 ata master4, haberá pódium das probas que será as 18:00 h, con entrega de medallas aos/ás 1º, 2º e 3º clasificados/as en cada categoría tanto en masculinos como en femininos.
- Haberá trofeo aos mellores tempos, gañador absoluto e á gañadora absoluta da proba (1,6km), así como premio económico que será de 50€ para cada un deles.
- As inscricións faranse a través da páxina web da Federación Galega de Atletismo, rematando o prazo ás 23.59 horas do domingo 6 de outubro. Os dorsais poderán retirarse o mesmo sábado no mesmo lugar ata media hora antes da proba. O custe da inscrición é de 5 euros a partir de Sub16 incluída e ata Master4. E de balde o resto das categorías.
- As persoas non inscritas oficialmente e que tomen parte da carreira a modo particular, sin ser autorizadas polo organizador, non están amparadas polos seguros da proba. A FGA non se fai responsable dos danos que estas persoas poidan causar ou causarse.
- As reclamacións referentes aos resultados oficiais, deberán ser feitas verbalmente ao xuíz árbitro, non máis de 30 minutos despois de comunicarse oficialmente os resultados.
- Será motivo de descalificación, entre outros, os seguintes aspectos: non realizar todo o circuito da carreira, non levar dorsal ou manipular este, falsificar datos persoais, competir co dorsal doutras persoas.
- Os atletas con licenza pola FGA, deberán competir ca camiseta oficial do seu Club.

- Os atletas con licenza federativa, terán que aterse ao Regulamento de Disciplina Deportiva vixente.
- Todo o non disposto na presente normativa rexerese polas normas de competición da FGA, RFEA e WA para a presente tempada, así como o regulamento por instancias superiores.
- SERVICIOS: Persoal sanitario, ambulancia, zona hidratación. A proba conta cun seguro de Responsabilidade Civil e un seguro de accidentes deportivos para os participantes.

	ANO DE NACEMENTO	DISTANCIAS	HORA ESTIMADA
Soldadiños	2019-20-21-22	100m +-	17:50
Sub 8	2017-18	350m +-	17:45
Sub 10	2015-16	500m +-	17:40
Sub 12	2013-14	1km +-	17:30
Sub 14	2011-12	1km +-	17:30
Sub 16	2009-10	1,6km +-	17:20
Sub 18	2007-08	1,6km +-	17:20
Sub 20	2005-06	1,6km +-	17:10
Sub 23	2002-04	1,6km +-	17:10
Senior	1990-2001	1,6km +-	17:10
Master 1	1980-1989	1,6km +-	17:10
Master 2	1970-1979	1,6km +-	17:00
Master 3	1960-1969	1,6km +-	17:00
Master 4	Antes do 1959	1,6km +-	17:00

PERCORRIDO:

MILLA: 1,6 KM (duas voltas a un percorrido de 800m)




SUB10: unha volta de 500m. SUB12-SUB14: duas voltas de 500m



SUB8: unha volta de 350m



SOLDADIÑOS: 100m en liña recta ata a meta



OUTRAS DISPOSICIÓNS

Non está permitido o acompañamento na proba de ningún vehículo alleo á organización; nin bicicletas, patíns ou persoas non inscritas na proba que poidan acompañar, avituallar ou marcar ritmos aos participantes.

ASISTENCIA MÉDICA: A organización contará con servizos médicos e ambulancia na zona de saída/meta. Os servizos médicos e o xuíz árbitro da competición están facultados para retirar da carreira a calquera participante que manifeste un mal estado físico durante o desenvolvemento da mesma.

SEGURO: Todos os participantes estarán amparados por unha póliza de Responsabilidade Civil e accidentes deportivos, que cubrirá os accidentes que se produzan como consecuencia directa do desenvolvemento da proba. Quedan excluídos os casos derivados dun padecimento latente, imprudencia ou inobservancia das leis, da normativa da competición, etc. Tamén quedan excluídos os casos producidos polo desprazamento ao lugar da competición ou desde o mesmo. A inscrición implica ler, entender e adquirir o compromiso que a continuación se expón: Certifico que estou en bo estado físico. Eximo de toda responsabilidade que da participación no evento puidese derivarse, á organización, patrocinadores comerciais ou sponsors, empregados e demais organizadores. Coa realización da inscrición, todo participante cede os seus dereitos de imaxe á organización, que utilizará as imaxes de acordo coa Lei de Protección de Datos.

ACEPTACIÓN DO REGULAMENTO: Todos os participantes, polo feito de inscribirse e tomar a saída na carreira, aceptan o presente regulamento, e no caso de dúbida ou de xurdir alguna situación non prevista no mesmo, resolverase de acordo ao que dispoña o Comité Organizador e polas normas da FGA, RFEA e WA en vigor.

LOPD: Todos/as os/as corredores/as ó realizar a inscrición aceptan a publicación do seu nome e imaxe nas clasificacións, medios de comunicación e/ou internet. Así mesmo autorizan á gravación e realización de fotografías e vídeos para a difusión da proba e publicidade por parte da organización e da Federación Galega de Atletismo.

NOTA: Esta proba pertence ao Calendario Oficial da Federación Galega de Atletismo e mediante a súa inscrición o corredor consinte expresamente que os seus datos básicos sexan cedidos a esta entidade para a tramitación, ante a compañía de seguros, dos seguros obrigatorios de accidentes e Responsabilidade Civil, así como a xestión da licenza de día de ránking popular e probas de ruta. En todo caso e tal como establece a Lei de Protección de datos, o interesado pode exercer no futuro os seus dereitos de acceso, rectificación e oposición mediante escrito ou correo electrónico á Federación Galega de Atletismo. Praza Agustín Díaz, s/n. 15008. A Coruña.